- Rudimental Primer for the snare drummer Mitchell Peters.

Timbais:

Michael Jansen (Método de Percusión Vol. 6)
F. Xavier Joaquín (Timbales Vol. 3) (Leccións da 13 á 20)
Graded Music for Timpani Ian Wright.
Grado 5. *mínimo técnica e tres estudos

Láminas:

Michael Jansen (Método de Percusión Vol. 6)
F. Xavier Joaquín (Xilofón) Escalas e Arpexios: Fa#M, Re#m, SolbM e Mibm
Introduction Cours for Xilophone G.Hamilton Green's.
Estudios do 8 ó 12 inclusive
*mínimo dous estudos + escalas e arpexios menores naturais 1 oitava.
Método cinético para marimba Leigh Howard Stevens.
Doble Vertical: 164-166-169-185-186-(173-176-177)
Simple Independiente: 18-23-24-30-(31con 2+3 y 3+2)
Simple alternado: 50-51-54-55-(70-71-72-73)
Doble Lateral: (279-281)

Batería:

Michael Jansen (Método de Percusión Vol. 6)
Carmine Appice (Realistic Rock) (Part IX e X)
Tres patróns rítmicos de diferentes estilos, adecuados ó nivel do curso.
Desenrolo e aplicación na batería dalgún rudimento do curso.

Obras:

Dúas obras de marimba.
Unha obra de timbais ou caixa con piano.
Unha obra de set-up.
Unha obras de láminas a dúas baquetas (con piano opcional).
Unha obra ou estudio de vibráfono.
Un estrato orquestral de caixa, triangulo e pandeireta.
Single paradiddle
Double paradiddle
Triple paradiddle
Single ratamacue
Flam paradiddle
7 stroke roll

NIVEL AVANZADO 4

Obxectivos.

- a) Coñecer e dominar a técnica básica dos seguintes instrumentos: marimba, timbais, caixa, batería, vibráfono e multipercusión, así como a coordinación rítmica e motriz que esixe o conxunto dos mesmos.
- b) Demostrar autonomía dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación, dicitación, articulación, fraseo, dinámica, etc.
- c) Interpretar en público un pequeno recital cun repertorio de obras pertencentes a diferentes estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- d) Adoptar unha boa posición corporal ante os diferentes instrumentos de percusión.
- e) Coñecer as posibilidades e características sonoras de cada instrumento de percusión e facer un bo uso delas.
- f) Adquirir responsabilidade e autonomía no estudio diario.
- g) Utilizar e desenrolar a memoria para o discurso musical.
- h) Desenrolar a coordinación, independencia rítmica, e a psicomotricidade para a execución musical.
- i) Coñecer as capacidades de concentración, memoria e actitude corporal, fundamentais para unha interpretación eficaz.

CONTIDOS

Para tódolos instrumentos:

- a) Utilidade dos músculos grandes, músculos pequenos e a súa relación en movementos lentos e rápidos.
- b) Desenrolo e estudio para a colocación de set-up cun criterio propio.
- c) Coñecemento dos instrumentos orquestrais e banda: Bombo, pratos, triángulo, pandeireta, castañolas, etc.
- d) Desenrolo da psicomotricidade e independencia con exercicios.
- e) Practicar a igualación das mans coas baquetas.
- f) Practicar exercicios para a relaxación corporal.
- g) Desenrolo dun autocontrol sobre os elementos físicos que contribúen a unha boa ou mala percusión do son.
- h) Practicar o golpe; velocidade, aceleración e desaceleración.
- i) Aplicación do movemento continuo para a boa dicción musical.
- j) Desenrolo da psicomotricidade e independencia.
- k) Concienciar ó alumno da importancia da polirritmia nos instrumentos de percusión.
- l) Traballar exercicios con cambio de dinámicas.
- m) Practicar a preparación de notas en tódolos instrumentos.
- n) Ensinar ó alumno a crearse os seus propios exercicios técnicos.
- o) Traballar exercicios onde haxa desprazamentos de cóbados.
- p) Realizar un traballo historia de un instrumento de percusión.
- q) Profundizar nos catro tipos de memoria: visual, nominal, muscular e analítica.

Caixa:

- a) Aplicación das dinámicas redobrando na caixa, tanto en piano como en forte.
- b) Diferentes tipos de golpes; Full, down, tap e up.
- c) Práctica do redobre de tres notas.
- d) Estudio dos seguintes rudimentos en compases binarios e ternarios así como en diferente parte do compás: single drag, 11 stroke roll, 10 stroke roll, flamacue, flam acent, single dragadiddle, paradiddle diddle y triple paradiddle.
- e) Coñecer a utilidade dos dedos e a súa aplicación á hora de tocar a caixa.
- f) Estudiar o dobre golpe acentuando a segunda nota.
- g) Ampliar o estudio do redobre simple.
- h) Distinguir e executar as múltiples posibilidades sonoras da caixa.
- i) Estudios, obras e técnica recollidos no apartado H.
- j) Parches, primeira vista en parches; a) con caixa compases e medidas irregulares, b) en 3 alturas e c) con pequenos cambios de instrumentos.

Láminas:

- a) Estudio dos principios xerais para a técnica de marimba con catro baquetas.
- b) Utilizar os diferentes tipos de golpes na marimba; golpe simple independente, simple alternado, vertical e dobre lateral.
- c) Aplicación os pasos, cambios de peso e pivotaxe como medio de desprazamento na marimba.
- d) Coñecemento e práctica das escalas e arpejos menores naturais nuna oitava.
- e) Movemento con figuras xeométricas.
- f) Practicar o dampening e pedaling no vibráfono.
- g) Desenrolo da velocidade de golpes simples en escalas e arpejos.
- h) Analizar os cambios de intervalo, apertura e cierre.
- i) Profundizar no repertorio do xilófono e da súa utilidade na orquesta.
- j) Recoñecer e utilizar os múltiples sons na marimba polo cambio de baquetas.
- k) Estudios, obras e técnica recollidos no apartado H.
- l) Primeira vista con dúas e catro baquetas; a) lineal, melódica ata con catro alteracións b) simultánea, a 2 claves e 2 pentagramas e c) acordes.

Timbais:

- a) Estudio e práctica do apagado nos timbais en silencios e tamén para a limpeza do son.
- b) Estudio do redobre no timbal en piano e forte.
- c) Practicar a afinación nos timbais con 3^a maiores ascendentes e descendentes.
- d) Exercicios diversos cos pedais dos timbais para desenrolar un cambio rápido na afinación.
- e) Traballar a parte superior do corpo, para o desprazamento dun timbal a outro.

- f) Exercicios diversos cos pedais dos timbais para desenrolar un cambio rápido na afinación.
- g) Profundizar no repertorio do timbal e a súa utilidade na orquesta.
- h) Estudos, obras e técnica recollidos no apartado G.

ESTUDIOS E OBRAS

Caixa

Siegfried Fink (Studies for Snare Drum Vol. 3) (Leccións da 12 á 17)

Graded Music for Snare Drum. I. Wright & K. Hathway.

Grado 6. *mínimo catro estudos

Intermediate snare drum studies Mitchell Peters.

Estudios do 16 ó 23 inclusive

*mínimo cinco estudos

Rudimental Primer for the snare drummer Mitchell Peters.

Single drag

Flamacue

Drag paradiddle # 1

4 stroke ruff

13 stroke roll

Double ratamacue

Paradiddle diddle

11 stroke roll

Timbais:

F. Xavier Joaquín (Timbales Vol. 3) (Leccións da 13 á 20)

Graded Music for Timpani Ian Wright.

Grado 6. *mínimo técnica e tres estudos

Láminas:

F. Xavier Joaquín (Xilofón) Escalas e Arpexios: Do#M, La#m, DobM e Labm

Introduction Cours for Xilophone G.Hamilton Green's

Estudios do 13 ó 21 inclusive

*mínimo tres estudos + escalas e arpexios menores, 3 tipos, a 2 oitavas.

-Método cinético para marimba Leigh Howard Stevens.

Doble Vertical: 167-170-178-179-185-186 (193-225-226-263)

Simple Independiente: 2-4-5-25-26-31 con 2+3 y 3+2 (32-33)

Simple Alternado: 52-53-56-57-74-75-76-77

Doble Lateral: 283-284

Mixtos: 415-416-417-418-425-428

Batería:

Carmine Appice (Realistic Rock) (Part XI, XII e XIII)

Tres patróns rítmicos de diferentes estilos, adecuados al nivel del curso.
Desenrolo e aplicación na batería dalgún rudimento do curso.
(La Batería J. Antonio Garcia) (Pág. 7, 8, 9, 67, 68, 40, 70, 72, 74, 76, 79 y 81)

Obras:

Dúas obras de marimba.

Unha obra de set-up.

Unha obra con piano.

Unha obra o estudio de vibráfono.

Unha obra de láminas a dúas baquetas (con piano opcional).

Un estrato orquestal de láminas, caixa, timbais e pandeireta.

6. METODOLOXÍA

O profesor ten que implicarse en todo o proceso de ensinanza, animando e dinamizando coa súa participación e actitude todo o que se vai a realizar, debendo crear as condiciones adecuadas de confianza e liberdade para que os alumnos se poidan expresar correctamente.

O profesor de percusión utilizará unha metodoloxía mezcla de distintos principios metodolóxicos e diferentes estratexias de ensinanza, segundo as necesidades de cada situación.

O método de ensinanza de percusión abordarase das seguintes maneiras:

a) Motivación: Hai que conseguir que o alumno estea continuamente motivado. Para iso o profesor ten que fomentarlle a ilusión polo instrumento.

b) Variedade: Propoñerlle estudos e obras de diferentes estilos. Facer da técnica algo divertido e non un traballo monótono, propoñendo o profesor, formas de estudos diferentes e permitindo que o alumno cree as súas.

c) Socialización: A comunicación será fomentada como medio de relación entre os diferentes alumnos. Ir á escola de música a estudar música é momento tamén para compartir cos compañeiros as experiencias musicais.

d) Aprendizaxe polo descubrimento: Insistirase no método indutivo da investigación persoal como medio e método de aprendizaxe.

e) Exercitación: Non debe implicar repetición rutinaria aburrida. Pódese y débese exercitar as mesmas destrezas por medio de actividades diferentes.

f) Mediación do profesor: O profesor explicará e demostrará as súas experiencias e coñecemento para levar a cabo os obxectivos propostos.

g) Intercambio: Entre o profesor e o alumno dos conceptos aprendidos, axudando a resolver posibles dubidas ou dificultades que teña o alumno.

h) Imitación: O profesor interpretará o estudio, a obra ou ben a técnica, co fin de que ol alumno visualice a execución.

7.- AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Durante os primeiros cursos o sistema de avaliación basarase, na participación dos alumnos en audicións e exames trimestrais, así como na participación en grupos de cámara, ensembles de percusión e coma solista.

Nos criterios de avaliación de cada curso, observarase un mínimo esixible para permitir o paso dun alumno ó curso seguinte. Estes criterios de avaliación a continuación redactados serán válidos para cada un dos primeiros cursos.

- a) Mostrar evolución progresiva, tanto técnica como de comprensión e interpretación musical ó longo de cada curso (asimilación de coñecementos e estudos demostrados dos mesmos).
- b) Demostrar o suficiente interese e aptitude positiva nas clases, tanto no aspecto estritamente musical como de asistencia e puntualidade.
- c) Asistencia ás audicións e recitais que realizan o resto dos cursos, como parte da formación musical e crítica individual, así como da integración e relación co resto dos alumnos.
- d) Dispoñer do material necesario para a asignatura, demostrar o coidado deste e co instrumental da aula.
- e) Asimilar as técnicas dos diferentes instrumentos e demostrar capacidade de progreso e estudo.
- f) Tocar os estudos e solos, así como as obras de ensembles, correctamente sen erros de medida, articulación, afinación ou lectura.
- g) Ler textos do nivel a primeira vista con fluidez e comprensión.
- h) Memorizar e interpretar textos musicais. (Pretendese verificar a través da memoria a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos do linguaxe musical).
- i) Describir con posterioridade a unha audición os rasgos característicos das obras escoitadas. Pretendese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos, os aspectos esenciais que o alumno poida entender segundo o seu nivel de desenrolo.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

No proceso de ensinanza e aprendizaxe, a avaliación é un aspecto importante. Neste proceso, débense valorar tódolos factores e fases que interveñen, afectando a tódolos implicados na ensinanza: o sistema educativo, o profesorado, o alumnado, a programación, os recursos, etc.

A avaliación debe ser cuantitativa e cualitativa, permitindo a continua revisión e mellora do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Na nosa programación, distinguimos catro tipos de avaliación:

- Avaliación inicial: A que nos permite observar os coñecementos previos.
- Avaliación formativa: A que nos permite observar a marcha do proceso de ensinanza e aprendizaxe, co fin de perfeccionalo e obter un mellor rendemento.
- Avaliación criterial: A que nos permite valorar ó alumno de forma individual.

- Avaliación sumativa: A que nos permite valorar o nivel de aprendizaxe do alumno e manifestarase ó concluír o proceso.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

O profesor establecerá o seguinte baremo de puntuación:

Outorgará unha proporción dun 80% a os criterios interpretativos e técnicos e un 20% a os criterios actitudinais. Para poder superar o curso terase que alcanzar un nivel mínimo nos diferentes criterios.

20% Caixa	20% Timbais	20% Láminas	20% Batería	20% Actitude
--------------	-------------	-------------	-------------	--------------

1. Criterios técnicos.

- a) Comprobar que o alumno foi capaz de desenrolar e automatizar unha correcta posición das baquetas, tanto para caixa, marimba e timbais.
- b) Verificar, se o alumno conseguiu, desenrolar un golpe de picado con unha correcta e certa pulsación, mantendo a calidade sonora.
- c) Comprobar que existe unha relaxación corporal adecuada a cada instrumento de percusión, evitando en todo momento posibles tensións.
- d) O profesor cerciorarase do fortalecemento progresivo dos músculos da boneca, antebrazo, brazo e espalda, o cal permitirá o alumno manter a interpretación durante un tempo razoable para o seu nivel, sen risco de fatiga muscular.
- e) Deberá de ser capaz de realizar os exercicios técnicos citados no apartado de contidos: diferentes articulacións nas escalas e arpexios, exercicios de redobre, exercicios de afinación dos timbais, etc.
- f) Execución de escalas e arpexios a nivel do curso que se encontra o alumno (ver en contidos).
- g) Execución de exercicios técnicos en caixa, timbais e láminas, segundo os obxectivos propostos en cada curso.

2. Criterios interpretativos.

- a) Examinar se o alumno executa con seguridade e musicalidade os estudos e obras correspondentes ó repertorio do curso.
- b) Avaliar a comprensión do alumno dos aspectos suxetivos da música.
- c) Valorar a capacidade de memoria do alumno nas obras que se interpreten.
- d) Comprobar o traballo camerístico do alumno (valorarase o ritmo, a afinación, a interpretación, o fraseo...).
- e) Lectura a primeira vista onde se valorará a fluidez da interpretación.
- f) Execución de estudos para caixa, onde se aprecie un bo tempo, bo control de dinámica e o desenrolo evolutivo dos rudimentos, sempre adaptados ó seu nivel.

- g) O alumno deberá interpretar correctamente adaptacións ou obras orixinais para marimba adecuadas ó nivel. Tecnicamente deberá ser capaz de realizar exercicios postos en cada curso con relativa fluidez.
- h) Execución de estudos para timbais. Observando a súa proxección de son, afinación e a correcta articulación.
- i) Interpretar estudos de multipercusión (set-up) onde se aprecie unha correcta mobilidade corporal e un adecuado desprazamento entre os instrumentos así como a limpeza na execución.

3. Criterios actitudinais.

- a) Constatar que o alumno é capaz de manter unha boa concentración durante o estudo e a interpretación.
- b) Conseguir, na medida do posible, que o alumno saiba o que está intentando transmitir coa súa interpretación.
- c) O alumno debe autoerixirse coas clases, no seu rendemento, no seu traballo e na súa formación persoal e musical. Debe reclamar do profesor todo o que estime oportuno para o seu enriquecemento tanto musical como persoal.
- d) O alumno será honesto co profesor e consigo mesmo, e isto é recíproco, como vía para desenrolar unha relación persoal satisfactoria.
- e) Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo.
- f) Participar con interese e ilusión dentro do grupo, aportando ideas.
- g) Sensibilidade ante a música de diferentes estilos, épocas e autores.
- h) Interese e desexo por expresar as propias ideas e sentimentos mediante a interpretación musical.
- i) Adquirir normas de responsabilidade no coidado dos instrumentos, pois son un ben común.
- j) Descubrir o pracer de tocar en público como forma de realización persoal do músico.
- k) Interese no coñecemento de tódolos instrumentos de percusión.
- l) Entender a importancia de ser constante e organizado no estudio para conseguir resultados óptimos.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Neste sentido cremos que o principal elemento que debe modular este apartado debe ser o da flexibilidade entendida en diferentes aspectos:

- a) A idade do alumno. Debido a que o abanico de idades de ingreso pode ser dende os 8 anos de mínimo, resulta evidente que o grado de esixencia debe adecuarse ó desenrolo de cada alumno especialmente relacionado coa súa idade.
- b) Capacidade musical. É obvio que o desenrolo mental de cada neno é diferente ó resto. Neste sentido alumnos que inicialmente parecen non posuír gran destreza musical revélanse co tempo en intérpretes eficientes. É dicir, o que se trata é de alcanzar os obxectivos mínimos ó final do grado elemental e non necesariamente ó final de cada curso dos catro que compoñen este.

Por iso o programa, tanto no seu número de obras e estudos, como na súa dificultade, adaptarase, na medida do posible a os dous factores que mencionamos máis arriba.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Estarán subordinados á súa vez á orixe polo cal non se logran os criterios de promoción por parte do alumno. Divididos en dous grupos:

1. Absentismo escolar.

a) Absentismo por causa xustificada.

Enténdase neste caso a enfermidade ou causas de forza maior que impidan a asistencia a clase por un período de tempo prolongado. Neste caso e tratándose dun alumno cuxo rendemento foi normal ata ese momento, o programa de estudos reducirase ó visto nas clases ata o momento da súa baixa e contemplarase no seu caso co que poida o alumno estudar pola súa conta seguindo as indicacións do profesor, máis o que se lle explique na clase a partir da súa reincorporación. Únicamente en caso de que a súa ausencia sexa tan prolongada que non poida cubrirse un tercio do programa previsto recomendarase ó alumno que repita curso.

b) Absentismo escolar sen causa xustificada.

No caso de que o alumno se ausente de clase sen motivo que o xustifique e reincida nesta actitude durante dez veces ou máis, o titor deberá poñerse en contacto cos pais do alumno. Se a pesar destes esforzos, o absentismo continua, o alumno terá dereito a ser examinado do programa integro da especialidade a final do curso.

2. Incumprimento dos contidos mínimos.

a) Incumprimento por falta de estudio.

No caso de que o alumno normalmente dotado para o instrumento, e por causa de falta de estudio, non cumpra os obxectivos mínimos establecidos para o curso que estea realizando, o titor durante a hora de titoría deberá de reunirse co alumno coa finalidade de analizar as causas que orixinan esta situación (falta de organización, falta de motivación, problemas co profesor, etc.)

b) Incumprimento por aparente falta de capacidade musical.

No caso do alumno que a pesar de aplicar os seus esforzos non consiga superar os mínimos esixibles o profesor valorará positivamente este esforzo e reducirá na medida do posible o programa de estudos co fin de flexibilizar os contidos do curso, dando desta maneira a posibilidade de alcanzar os obxectivos previstos ó final do grado elemental.

Con relación a os alumnos que por un motivo ou outro se vexan obrigados a repetir cursos hai que distinguir:

- Alumnos que non promocionan por calificación negativa en dúas asignaturas que non sexan da especialidade de percusión. Neste caso o alumno asistirá a clases de réxime normal sen que esta circunstancia free o aprendizaxe, mentalizándoo sen embargo, de que a súa principal preocupación debe ser recuperar a asignatura/as nas que non promociona.

- Alumnos que non promocionan por calificación negativa en percusión. Neste caso o alumno asistirá a clase con absoluta normalidade e repetiranse os contidos esixidos no curso anterior, se ben, poderían cambiarse algunhas obras do programa para evitar a desmotivación e salvar os obstáculos mentais que o alumno tivera construíndo arredor de determinados problemas.

8.- CLASES COLECTIVAS

Nestas clases o alumno tocará para o profesor e os demais alumnos. O profesor fará as rectificacións oportunas podendo valer esas mesmas anotacións para o resto do grupo. É importante que entre os alumnos dun mesmo nivel escóitense uns a os outros e aprendan de eles mesmos e dos seus compañeiros. O profesor adoptará a postura de moderador.

Traballaranse técnicas de tódolos instrumentos en grupo, facendo que sexa máis ameno o estudio técnico que pode ser unha tarefa dura nos inicios. Incentivarase ademais o compoñente lúdico da aprendizaxe musical para potenciar así a motivación do alumno.

O obxectivo da clase colectiva non é tanto o desenvolvemento técnico individual, como o de dotar o futuro profesional da experiencia necesaria para executar en grupo. Nestas clases, promocionárase a creación de dúos, tríos, cuartetos, etc. de percusión. Así mesmo realizaranse actividades diversas relacionadas máis coa música en xeral que co instrumento en concreto, como por exemplo, audicións de diversos tipos de música de calquera instrumento ou formato, proxeccións de vídeos didácticos, etc.

O BXETIVOS

A ensinanza nas clases colectivas instrumentais na escola de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Facer da práctica da música en grupo unha actividade habitual, organizada, grata e totalmente integrada no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- b) Comprender e interpretar os elementos básicos da expresión musical a través do traballo en grupo.
- c) Valorar o son do conxunto como medio resultante do traballo individual.
- d) Discriminar e abstraer os elementos comúns e diferenciados na execución técnica de cada un dos membros do grupo en beneficio do conxunto.
- e) Coñecer un repertorio básico de conxunto que estimule o interese polo propio instrumento e pola dinámica deste traballo.
- f) Desenvolver unha audición polifónica para unha xusta valoración da escoita e da interpretación simultánea.
- g) Afianzar a técnica individual desde o propio traballo en grupo.
- h) Valorar as normas que rexen a actividade do conxunto e adquirir a responsabilidade que conleva o traballo instrumental en grupo.
- i) Valorar o traballo en común como medio de comprensión máis enriquecedor e participativo.

j) Fomentar as exposicións monográficas ou especializadas que poidan resultar de interese común a tódolos alumnos.

CONTIDOS

- a) Coñecemento e práctica de diferentes agrupacións instrumentais segundo a composición e o número de instrumentistas que a integran.
- b) Desenrolo dos aspectos técnicos traballados nas clases individuais para a súa aplicación nas clases colectivas.
- c) Exposición do discursos musical en función da valoración de todo o conxunto e de cada unha das partes do mesmo.
- d) Coñecemento e práctica das normas básicas que rexen o traballo de grupo e a interpretación do conxunto.
- e) Asimilación, pola práctica, dos valores propio do traballo colectivo, tanto nos seus compoñentes sociais e organizativo.

Contidos procedimentais.

- a) Lectura e interpretación de obras para grupo de percusión.
- b) Concertos de alumnos en presenza dos seus compañeiros.
- c) Seguir unha partitura a la vez que se escoita unha gravación para a súa execución posterior.
- d) Realizar exercicios e xogos de pregunta – resposta en parches e en láminas.
- e) Improvisación rítmica en ciclo de catro e oito sobre un tema central.
- f) Traballar técnica en conxunto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- a) Interpretar obras ou fragmentos nun colectivo instrumental, axustando a execución individual ás esixencias da partitura, ás directrices do profesor e ó son do conxunto.
- b) Repentizar obras ou fragmentos seleccionados con tal fin e en función das características do conxunto.
- c) Interpretar un mesmo fragmento con distintas variacións segundo as indicacións técnicas suxeridas con carácter previo a cada execución.
- d) Interpretar nunha obra de conxunto pequenas improvisacións de carácter individual, previamente asignada a cada instrumentista.
- e) Resolver e aplicar en conxunto os aspectos técnicos específicos que permitan a interpretación dunha obra ou fragmento musical seguindo as indicacións determinadas con anterioridade.

GRUPO DE PERCUSIÓN

Tocar en grupo sen director, con precisión rítmica e coñecemento global da obra. Desenrolar unha capacidade auditiva que valore por igual, en toda a gama de instrumentos, a esixencia da calidade sonora.

Ter a disposición e formación necesaria para saber integrarse individualmente nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.

Valorar a práctica do grupo de percusión como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

Ler a primeira vista obras do nivel que permita a montaxe de obras.

Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo en equipo, respeto polas decisións do director, etc.

Desenrolar o ritmo como base para un traballo de conxunto.

Familiarizarse coa xestualidade básica do director.

Desenrolar a escoita como medio indispensable da práctica de conxunto.

Aprender a tocar sen ter a vista fixa na partitura.

Facer da práctica da música en grupo unha actividade habitual, organizada, grata e totalmente integrada no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Comprender e interpretar os elementos básicos da expresión musical a través do traballo en grupo.

Valorar o son de conxunto como resultante dunha coparticipación de individualidades.

Discriminar e abstraer os elementos comúns e diferenciados na execución técnica de cada un dos membros do grupo en beneficio do conxunto.

Cofecer un repertorio básico de conxunto que estimule o interese polo propio instrumento e pola dinámica deste traballo.

Desenrolar a audición polifónica para unha xusta valoración da escoita e da interpretación simultaneamente.

Afianzar a técnica individual dende o propio traballo en grupo.

Valorar as normas que rexen a actividade de conxunto e adquirir esa responsabilidade que conleva o traballo instrumental de grupo.

MATERIAL DIDÁCTICO

Todo tipo de instrumentos de percusión: Caixa, Timbais, Láminas (Xilófono, Marimba, Vibráfono, Lira, Campanas...), Batería, Multipercusión, Bombo, Pratos e "Pequena Percusión" (Percusión Orquestal).

Soporte de audio e vídeo.

Internet (artículos, asociacións de percusionistas. etc.).

Biblioteca (revistas, libros, etc.)

Pizarra.

Etc.

9.- ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Ó longo do curso contemplaranse distintas actividades complementarias para dinamizar, motivar e implicar ó alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno, é dicir, para completar a formación regrada que se imparte na aula de percusión..

As principais actividades que se levarán a cabo de xeito continuado serán as audicións de alumnos.

Ademáis das anteriores actividades tamén se organizarán na medida do posible as seguintes:

Conxuntos instrumentais de percusión.

Proxeccións de documentais e concertos.

Asistencia á biblioteca para realizar traballos.

Intercambios con outros centros (conservatorios, escolas de música, academias, agrupacións, etc...)

Organización de agrupacións instrumentais entre alumnos.

Asistencia a concertos en vivo.

Talleres con outros profesores.

ACTIVIDADES CONXUNTAS CON OUTROS DEPARTAMENTOS

Pretendese realizar durante este curso académico un concerto ó rematar o curso antes das vacacións estivais. Neste concerto participarían tódolos departamentos conxuntamente.

Outra actividade planteada é realizar audicións onde participen todas as especialidades conxuntamente dependendo da dispoñibilidade dos pianistas acompañantes, distribuídas por cursos ou ciclos ó largo dunha semana.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Tódalas actividades complementarias e extraescolares terán que someterse ás normas do Regulamento de Réxime Interno do centro. Son as recollidas nos apartados anteriores máis as seguintes:

AUDICIÓNS

Realizaranse dúas ou tres durante o curso, coincidindo coas semanas de avaliacións. Os alumnos terán que tocar caixa, timbais, láminas, Batería e set-up, algunhas das obras serán con acompañamento de piano.

As audicións serán na propia aula ou no teatro, necesitándoo dende varias horas antes para a preparación e montaxe da audición e respetarase o que dicte a normativa referente a audicións.

É necesario e imprescindible a coordinación co pianista acompañante, así como os espazos a utilizar, para poder establecer unha hora e un día concreto, é por

iso que propoño, que sexa o pianista acompañante, xunto coa dirección e os xefes de departamentos que fixen as datas e horas das audicións, para que non se pisen uns días con outros. Este traballo non tería porque facerse a principio de curso, senón nas semanas próximas ás audicións, que soen coincidir coas avaliacións. Tamén, ó non estar publicadas as datas das avaliacións, non se fixe un día concreto, que en caso de ser necesario poñer un día específico rogo se me consulte.

CURSOS

Durante este curso escolar pretendese a realización de polo menos un curso de percusión. Sería a cargo dun percusionista procedente de outro centro, banda ou orquesta. Os meses indicados para a súa impartición estarían suxeitos a modificación por posibles problemas ou compromisos profesionais do poñente.